

## Unidade 5. Comentar ditos e refráns

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

Marco non respondeu. Porque, de facelo, ía ter que recoñecer que non, que non entendía nin unha palabra. Cando menos non aquilo das palabras cheas de salitre. O outro si. Para que era o astrolabio si que lle quedara ben claro. Non era tan parvo. Para orientarse polas noites dentro do mar. Para poder decidir unha ruta de navegación cando non hai costa para ter un punto de referencia. Cambiouno de man manténdoo na mesma postura, seica a correcta, na que o estraño lla puxera antes.

Malia todo, Marco concluíu que aquel aparello non tiña, desde logo, aspecto de libro. Era suave e brillaba. Os poucos libros que algunha vez vira eran grandes e engurrados.


—Se te fixas, ten dúas esferas que xiran unha sobre a outra se as moves. Fíxate. Así. Xiran sobre un eixe interior. Repara en como esta vira á dereita e estotra á esquerda ao mesmo tempo—. Marco abriu, sen se decatar, un chisco a boca, apampado, como fan os cativos cando lles contan un conto—. Con isto e un pouco de práctica podes calcular a túa posición no mar e a distancia aproximada que hai á terra só con apuntar cara á Polar—, e daquela ergueu a vista cara ao ceo veneciano, como procurando a estrela Polar para facerlle alí mesmo una demostración. Pero era mediodía—. Na noite saen as estrelas e con isto —colleuno e púxoo preto do ollo esquerdo mentres pechaba o dereito—, tes un guieiro infalible para non te perder no océano.

Sorriu, como satisfeito da súa explicación. Despois, devolveullo de novo ao soldado. Marco, agora, acariñaba o astrolabio como se acariña un obxecto moi valioso.

—De que me coñeces?

O home volveu sorrir.

—Coñézote de nada e en realidade coñézote de moito. Coñézote, sobre todo, de verte moitas veces por aquí, sentado nestas mesmas escaleiras nas que agora estamos, esculcando o mar e os barcos. Estás tan atento a eles que nunca reparaches en min que, coma ti, tamén paso moito tempo neste mesmo peirao. Mais eu non esculco o mar nin os barcos. Eu sento a lembrar a miña vida de viaxeiro.



Francisco CASTRO

## Unidade 5. Comentar ditos e refráns

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Contesta as seguintes preguntas.

- Quen conta a historia?

O narrador.

- Quen son os personaxes da historia?

Marco e o soldado.

- Onde se desenvolve?

En Venecia.

- Resume o relato coas túas propias palabras.

Resposta libre.

### 2. Busca as seguintes palabras no dicionario e anota o seu significado: astrolabio, salitre, parvo, esculcar e peirao.

Astrolabio: instrumento para observar a posición dos astros e, segundo esta, deducira latitude e a hora. Salitre: substancia salgada que se forma nas paredes húmidas ou aflora no chan, ou aquela que cobre unha superficie que estivo en contacto coa auga do mar. Parvo: que ten ou demostra pouca intelixencia ou disposición. Esculcar: observar atentamente. Peirao: construción na marxe dun río ou do mar, que polo xeral forma parte dun porto e que se utiliza principalmente para facilitar o embarque e desembarque de persoas e mercancías e para abrigo das embarcacións.

### 3. Busca no texto palabras que pertenczan ao campo semántico do mar e engade ti algunha máis.

Salitre, costa, océano, barcos, peirao.

Resposta libre.

### 4. O fragmento remata así: «*Eu sento a lembrar a miña vida de viaxeiro*». Como cres que continuará a historia? Escribe no teu caderno un breve texto como se fose a continuación deste fragmento.

Resposta libre.

## Unidade 5. Comentar ditos e refráns

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 5. Define o seguinte.

- Os parónimos:

Son as palabras que teñen similitude pola etimoloxía, o son ou a forma pero non polo significado.

- Os heterónimos:

Son as palabras que están relacionadas polo seu significado pero teñen unha orixe distinta.

### 6. Das seguintes parellas de palabras, indica cales son parónimos e cales heterónimos.

- Nora-xenro: **heterónimo**.
- Adaptar-adoptar: **parónimo**.
- Especia-especie: **parónimo**
- Verde-vermello: **heterónimo**.
- Actitude-aptitude: **parónimo**.
- Inserir-inxerir: **parónimo**.
- Xeneral-capitán: **heterónimo**.
- Home-muller: **heterónimo**.
- Xesta-sexta: **parónimo**.
- Sono-soño: **parónimo**.



### 7. Escribe un pequeno texto no empregues cinco heterónimos e cinco parónimos do exercicio anterior.

Resposta libre.

## Unidade 5. Comentar ditos e refráns

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 8. Contesta a seguinte pregunta.

- Que diferenza hai entre unha biografía e unha autobiografía?

A biografía é o relato da vida dunha persoa contada por unha terceira persoa, e a autobiografía, é o relato da vida dunha persoa contada por ela mesma.

### 9. Escribe a túa autobiografía e debúxate.

Resposta libre.